


# ESCENA GALEGA

ASOCIACIÓN GALEGA  
DE EMPRESAS,  
DE ARTES ESCÉNICAS

CATÁLOGO  
2024-2025



---

# ESCENA GALEGA. ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS

---

Patricia de Lorenzo González (*Chévere*)  
Presidenta

Noelia Fernández Castro (*A Panadaría*)  
Vicepresidenta

Rocío Salgado Pérez (*Ártika Cía*)  
Secretaria

Eva Alonso Gómez (*Teatro do Noroeste*)  
Tesoureira

Marta Alonso Tejada (*martaalonsotejada*)  
Vogal de danza e artes do movemento

Belem Brandido Gutiérrez (*Pistacatro*)

Antonio “Tone” Martínez Rial (*Galeatro*)


Guillermo Carbajo Martínez (*Redrum Teatro*)

Gustavo Del Río Prieto (*Os Náufragos Teatro*)

Vogais

Diego V. Meizoso  
Xerente

Ana Díez  
Comunicación



---

## ESCENAGALEGA.GAL

📍 Cidade da Cultura de Galicia  
(Centro de Emprendemento, Viveiro 18).  
Monte Gaiás s/n 15707  
Santiago de Compostela (A Coruña)

✉ info@escenagalega.gal

☎ 647 478 236

📘 facebook.com/escenagalega/

🐦 @Escena\_Galega


📷 escenagalega

# ÍNDICE DE COMPAÑÍAS

A Feroz  
A Panadaría  
A Xanela Do Maxín  
Amorodio Teatro  
Artestudio Xestión Cultural  
Ártika Cía  
Butacazero  
Caramuxo Teatro  
Charlatana  
Chévere  
Cinema Sticado  
Colectivo Glovo  
Compañía Humana  
Constance Hurlé  
Culturactiva  
De Ste Xeito Producións  
Educateatro Producións  
Elefante Elegante  
Fran Sieira  
Compañía de danza  
Furia Sotelo

Galeatro  
Ibuprofeno Teatro  
Illusions Works  
Ítaca Teatro  
Kirenía Danza  
La Guajira  
La Macana  
La Quintana Teatro  
Laboratorio Escénico Coop  
Magia en la Manga  
Malasombra Producións  
Marta Alonso Tejada  
Matrioshka Teatro  
Nova Galega De Danza  
Olivas Negras  
Os Náufragos Teatro  
Pablo Méndez  
Performances  
Paula Quintas Cía  
Pedras De Cartón  
Pérez & Fernández

Pisando Ovos  
Pistacatro  
Prod. Teatrais  
Excéntricas  
Rebordelos  
Redrum Teatro  
Sarabela Teatro  
Sempre arriba  
Sil Producciones  
Talía Teatro  
Tanxarina  
Teatro baixo a Area  
Teatro de Ningures  
Teatro del Andamio  
Teatro do Noroeste  
Teatro ó Cubo  
Títeres Cachirulo  
Vacaburra  
Viravolta Títeres  
Vórtice Escénico  
Xampatito Pato



*Foron nomeadas  
SOCIAS DE HONRA de Escena  
Galega, pola súa indubidable  
traxectoria e importancia na  
historia do sector escénico  
profesional galego, e o seu traballo  
no seo desta asociación:*


Ancora Producións  
Lagarta, Lagarta  
Sarabela Teatro  
Teatro do Morcego  
Tanxarina  
Teatro do Atlántico  
Teatro do Noroeste  
Títeres Cachirulo

---

# PRESENTACIÓN

[GL] O catálogo de compañías de Escena Galega é dende hai anos unha ferramenta que consideramos fundamental na nosa estratexia de visibilización e apoio á promoción do traballo das nosas produtoras socias. Decidimos hai tempo desfacer nos do formato en papel, mais continuamos acreditando na utilidade desta ferramenta, agora só en liña e que, alén da información sobre as nosas asociadas, permitiravos ter unha perspectiva real do que somos e o que facemos en Escena Galega. E coma sempre... agardamos seguir véndonos nos teatros.

[ES] El catálogo de compañías de Escena Galega es desde hace años una herramienta que consideramos fundamental en nuestra estrategia de visibilización y apoyo a la promoción del trabajo de nuestras productoras socias. Decidimos hace tiempo deshacer nos del formato en papel, pero continuamos creyendo en la utilidad de esta herramienta, ahora sólo en línea y que, más allá de la información sobre nuestras asociadas, os permitirá tener una perspectiva real de qué somos y lo que hacemos en Escena Galega. Y como siempre... esperamos seguir viéndonos en los teatros.




---

# QUEN SOMOS E QUE FACEMOS?

ESCENA GALEGA (Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas) é a asociación de referencia para o sector profesional das artes escénicas en Galicia, creada en marzo de 2002 por iniciativa de 16 compañías de teatro. Actualmente está formada por 60 compañías e empresas produtoras, como resultado dun proceso de confluencia e cohesión iniciado no 2015 para reforzar o posicionamento da asociación como interlocutora coas institucións e demais axentes do medio, e para impulsar así mesmo o desenvolvemento empresarial de cara á modernización do sector, sen perder a identidade das compañías como motores creativos das artes escénicas galegas.

A día de hoxe ESCENA GALEGA abrangue a unha enorme porcentaxe do sector escénico profesional galego, compoñendo un conxunto de estruturas de produción e creación de moi diversas tipoloxías a nivel profesional, nos eidos do teatro para a infancia e a mocidade, teatro para público adulto, monicreques, danza e artes do movemento, maxia e novo circo.



# CARTA DE SERVIZOS QUE ESCENA GALEGA OFRECE ÁS SÚAS COMPAÑÍAS ASOCIADAS

O decálogo de servizos que a asociación presta ás súas produtoras asociadas é o seguinte:

**Programa de formación continua**, capacitación profesional e consultoría de balde, en eidos como a xestión empresarial, as estratexias de produción e distribución, comunicación e redes sociais, fundamentos xurídicos, financiamento ou xustificación de axudas públicas.

A coorganización coa Agadic do **mercado galego das artes escénicas** Galicia Escena Pro.

O proxecto de **intercambio cultural** por medio das artes escénicas Camiño Escena Norte, coas nosas entidades parceiras EscenAsturias (Asturias), Acepae (Cantabria), Eskena (Euskadi) e Esna (Navarra).

A **interlocución permanente coa Agadic-Xunta de Galicia** para a mellora das convocatorias de axudas públicas de creación e distribución e os circuítos RGTA (Rede Galega de Teatro e Auditorios) e Cultura no Camiño.

A **interlocución permanente coas Deputacións Provinciais** para a mellora dos seus programas e circuítos, nomeadamente a Rede Cultural da Coruña e o programa Tornas ás Táboas de Pontevedra.

O **traballo en rede a nivel estatal** co resto de asociacións homólogas noutras Comunidades, baixo o paraugas da federación Faeteda, e no que intervimos en cuestións como a interlocución co Ministerio e INAEM, comisións de traballo sobre o programa PLATEA ou ordenamento xurídico do sector dependente do ámbito estatal.


**Comisións e mesas de traballo permanentes** nas que participan todas as compañías asociadas interesadas e sobre os temas e cuestións de interese para o sector.

A **organización da Culturgal** xunto coas entidades sectoriais AGEM, AGAPI, EGANET e AGE.

**Asesoría legal, fiscal e laboral de balde.**

Contamos tamén puntualmente cun servizo de consultoría e asesoramento gratuítos sobre axudas públicas.

**Promoción e difusión da actividade profesional** por medio da publicación do noso catálogo de compañías, vídeo promocional e asistencia a feiras e foros sectoriais (Mercartes, Fira Tárrega, MADFeria, Fetén, Ciudad Rodrigo...)




# PROXECTOS ACTUAIS DA ASOCIACIÓN

## GALICIA ESCENA PRO GALICIAESCENAPRO.GAL

Escena Galega coorganiza dende o 2019 o mercado galego das artes escénicas xunto á Xunta de Galicia, por medio da Agadic. Dende a súa sétima edición, a cita anual inaugura un novo xeito de funcionamento e de xestión que mantén e reforza as finalidades coas que naceu este evento. A través dunha escolma de espectáculos de recente produción e doutras actividades, Galicia Escena PRO continúa a tomarlle o pulso á actualidade do sector. Ao tempo, bríndalles aos seus profesionais unha plataforma dende a que expoñer os seus novos traballos diante do público xeral e dos programadores e programadoras, e demais axentes culturais.




Xunto coa súa faceta de exhibición, Galicia Escena PRO artella un punto de encontro profesional indispensable do noso sistema escénico, que busca estimular a dinámica comercial e a proxección social da creación escénica galega.



Camiño Escena Norte é unha iniciativa promovida polas asociacións de produtoras de artes escénicas Escena Galega (Galicia), EscenAsturias (Asturias), Acepae (Cantabria), Eskena (Euskadi) e Esna (Navarra), un proxecto de intercambio cultural por medio das artes escénicas entre Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra que despreza unha intensa programación de actividades en 60 sedes destas 5 Comunidades, por medio do circuío de teatro, danza e novo circo Itinerario Constelacións e da programación expandida Camiño Expandido, con encontros, obradoiros, accións de formación ou estancias de creación artística.




camiño  
escena  
norte





Culturgal está organizada pola asociación do mesmo nome, constituída no 2010 para dar continuidade e estabilidade a unha feira que arrancara de maneira exitosa en 2007. Fan parte e promoven Culturgal as asociacións profesionais máis representativas do sector: Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet), Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi).

Culturgal é a Feira das Culturas Galegas. Un lugar de encontro entre os públicos e artistas, profesionais e institucións. Un espazo para poñer en contacto a creadores e compañías con profesionais da xestión cultural, programadores, empresas e institucións.



# A PANADARÍA

APANADARIA.COM

**[GL]** A Panadaría amasa un teatro de creación propia e compromiso social baseado nunha linguaxe fresca e irreverente. O teatro artesán da compañía, que afonda no traballo de actriz, no humor e na música vocal foi galardoado co Premio da Crítica Galicia 2015, Premios María Casares, Premios da MIT, Premios Luísa Villalta ou Premio Begoña Caamaño. ► En cartel, todo un éxito de público e crítica, *As que limpan*, en coprodución co Centro Dramático Nacional. En 2023 A Panadaría celebrou o seu 10.º aniversario.

**[ES]** A Panadaría amasa un teatro de creación propia y compromiso social basado en un lenguaje fresco e irreverente. El teatro artesano de la compañía, que profundiza en el trabajo de actriz, en el humor y en la música vocal, fue galardonado con el Premio de la Crítica Galicia 2015, Premios María Casares, Premio de la MIT, Premio FETEGA, Premio Luísa Villalta o Premio Begoña Caamaño. ► En cartel todo un éxito de público y crítica, *Las que limpian*, en coproducción con el Centro Dramático Nacional. En el 2023 A Panadaría celebró su 10º aniversario.



☎ 650 454 549 (Areta)  
626 700 444 (Ailén)

👤 Areta Bolado  
Ailén Kendelman

✉ [apanadaria@apanadaria.com](mailto:apanadaria@apanadaria.com)

📍 Rúa Salvaterra 9, Local 9  
36209, Vigo.

📺 [A panadaría](#)

**A PANADARÍA**

# A PANADARÍA

EN CARTEL

**AS QUE LIMPAN.** Hai quen nunca limpou un váter e hai quen limpa cincocentos ao mes. Unha comedia sobre a loita organizada das limpadoras dos hoteis contra a precarización e os abusos.

Hay quien nunca ha limpiado un váter y hay quien limpia quinientos al mes. Una comedia sobre la lucha organizada de las limpiadoras de los hoteles contra la precarización y los abusos.

© Leticia T. Blanco



© Pilar Abades





# A XANELA DO MAXÍN

AXANELADOMAXIN.COM

**[GL]** Compañía de teatro visual, de títeres e obxectos en Galicia que crea propostas escénicas de calidade dirixidas a un público infantil, familiar e xuvenil. Comezou a súa andadura en 2007 e ata a actualidade leva producidos máis de 30 espectáculos. ▶ Os espectáculos fusionan o teatro de monicreques, o de actor, o teatro visual e de obxectos, a música en directo e a innovación artística. Pluridimensionalidade que abrangue diferentes linguaxes e formas. Traballos interdisciplinares dirixidos a un público infantil e familiar nos que a parte visual e a poesía da imaxe son parte fundamental, mais nos que tamén se fomentan valores como a igualdade, o respecto ás diferenzas, a ternura... con gran sensibilidade e especial coidado da linguaxe.

**[ES]** A Xanela do Maxín es una compañía de teatro visual, de títeres y objetos de Galicia que crea propuestas escénicas de calidad dirigidas a un público infantil, familiar y juvenil. Comienza su andadura en el año 2007 y hasta la actualidad han producido más de 30 espectáculos. ▶ Los espectáculos fusionan el teatro de marionetas, el de actor, el teatro visual y de objetos, la música en directo y la innovación artística. Pluridimensionalidad que abarca diferentes lenguajes y formas. ▶ Trabajos interdisciplinarios dirigidos a un público infantil y familiar, en los que la parte visual y la poesía de la imagen son fundamentales, pero también se fomentan valores como la igualdad, el respeto a las diferencias, la ternura... con gran sensibilidad y especial cuidado del lenguaje.



© Asestelo Fotografía

- ☎ 635 364 587
- 👤 Celia Figueiras
- ✉ info@axaneladomaxin.com
- 📍 Lg. Quintáns, 18. 15865 Brión (A Coruña).
- 📘 [A xanela do maxín](#)
- 📺 [A xanela do maxín](#)
- 📺 [A xanela do maxín](#)

produccións teatrais  
**Xanela do maxín**

# A XANELA DO MAXÍN

EN CARTEL

**RATÓN PÉREZ.** Unha comedia chea de acción na que, enfrontándose a perigos e desafíos, Pérez debe atopar unha solución para o seu problema de almacenaxe de dentes.

Una comedia llena de acción en la que, enfrontándose a peligros y desafíos, Pérez debe encontrar una solución para su problema de almacenaje de dientes.

**COLIÑO.** Unha obra musical e sensorial dirixida á primeira infancia e as súas familias, na que as crianzas poden estimular os sentidos e as emocións.

Una obra musical y sensorial dirigida a la primera infancia y a sus familias, en la que las niñas y niños pueden estimular los sentidos y las emociones.

**A TOUPIÑA QUE QUERÍA SABER QUEN LLE FIXERA AQUILO NA CABEZA:** Espectáculo baseado na obra homónima, no que o público obterá unha visión diferente dun tema tan natural como a vida mesma.

Espectáculo basado na obra homónima, en el que el público obtendrá una visión diferente de un tema tan natural como la vida misma.

**O APALPADOR E AS PALABRAS PERDIDAS.** O Apalpador baixa dende O Courel para traer castañas, agasallos e tamén palabras en galego, mais algunhas van esquecéndose... Un retorno ao pasado faranos lembrar.

El Apalpador baja desde O Courel para traer castañas, regalos e también palabras en gallego, pero algunas van olvidándose... Un retorno al pasado nos hará recordar.





# ÁRTIKA CÍA

COMPANIA.ARTIKAVIGO.COM/

[GL] Nace da sala Ártika en Vigo en 2014 para reforzar as artes escénicas en Vigo e para achegar ao barrio obreiro de Beiramar, onde se implanta o espazo, as artes escénicas. Logo da Pandemia decatámonos de que precisabamos unha compañía. Un lugar onde nós poder contar de diversas maneiras os temas que nos preocupan e ocupan. Ártika Cía nace nun momento complicado da sociedade para dar saída e visibilidade a temas que necesitamos tratar. Espectáculos como *A Illa da Deslembianza* (alzheimer), *Mosca* (bullying), *Pum! Pum! Quen hai?* (xenofobia) e *Non pasarán* (como estamos deixando chegar as políticas radicais de dereitas de novo)

[ES] Ártika Cía nace de la Sala Ártika en Vigo en 2014 para reforzar las artes escénicas en Vigo y acercar al barrio obrero de Beiramar, donde se implanta el espacio, las artes escénicas. Después de la Pandemia nos dimos cuenta que precisábamos una compañía. Un lugar donde poder contar de diversas maneras temas que nos preocupan y ocupan. Ártika Cía nace en un momento complicado de la sociedad y para dar salida y visibilidad a temas que necesitamos tratar. Espectáculos como *Los Piratas del Olvido* (Alzheimer), *Mosca* (bullying), *Pum! Pum! Quien hay?* (xenofobia) y *No pasarán* (como estamos dejando entrar a las políticas radicales de derechas de nuevo).



- ☎ 627 165 468
- 👤 Rocío Salgado
- ✉ rocio.salgado@artikavigo.com
- 📍 Av. Beiramar 113, 36208 Vigo.
- 📺 Ártika
- 📘 Ártika
- 📺 Ártika

ÁRTIKA CÍA

**A ILLA DA DESLEMBRANZA.** Onde rematan os recordos que non están ben amarrados? Quen se encarga de levar da nosa mente esas historias vividas e que xa non nos lembramos delas?

**LOS PIRATAS DEL OLVIDO.** ¿Donde se terminan los recuerdos que no están bien amarrados? ¿Quien se encarga de llevarse de nuestra mente todas esas historias vividas y que ya no recordamos?

**MOSCA.** Mergúllase na vida dun neno e que é o que este sente sufrindo bullying, pero tamén no temor, nos prexuízos e o non saber que facer e como pode solucionalo o seu entorno.

Se sumerge en la vida de un niño y que es lo que este siente sufriendo bullying, pero también en el temor, en los prejuicios y el no saber que hacer y como puede solucionarlo el entorno en el que se desenvuelve.

**PUM!, PUM! QUEN HAI?** Unha divertida comedia musical onde Gaia nos contará como mudou a vida da súa aldea cando comezaron a chegar novos veciños.

Una divertida comedia musical donde Gaia nos contará como cambió la vida de su pueblo cuando empezaron a llegar nuevos vecinos.

**NON PASARÁN.** É o lema que usa a cidadanía ante a vaga de incendios perpetrados por unha organización descoñecida que actúa por todo o país.

No pasarán! Es el lema que usa la ciudadanía ante la oleada de incendios perpetrados por una organización desconocida que actúa por todo el país.





# BUTACA ZERO

BUTACAZERO.COM

**[GL]** É a plataforma creativa de Esther F. Carrodegua e Xavier Castiñeira, que propoñen un teatro que dialoga con a actualidade desde unha mirada crítica e irónica.

► ButacaZero popularizouse en Galicia no ano 2016 grazas á estrea de *Voaxa e Carmín* na Mostra Internacional Ribadavia e desde entón investigaron o esquecemento con na butaca, a identidade galega con *#camiños* (en coprodución co CDG), a vida de María Casares con *Despois das ondas* (en coprodución coa Deputación da Coruña) a vida confinada con *32m²*. Coas súas obras estiveron en case todos os teatros e festivais de Galicia, desde a MIT ao FITO pasando pola Mostra de CEE o FIOT e mesmo o USCénica.

► Na actualidade xiran *Iribarne* (coproducida polo Centro Dramático Nacional e a MIT de Ribadavia) e *O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada*.

**[ES]** Es la plataforma creativa de Esther F. Carrodegua y Xavier Castiñeira, que proponen un teatro que dialoga con la actualidad desde una mirada crítica e irónica.

► ButacaZero se popularizó en Galicia en el año 2016 gracias al estreno de *Voaxa e Carmín* (*Las dos en punto*) en la Mostra Internacional Ribadavia y desde entonces han investigado el olvido con na butaca, la identidad gallega con *#caminos* (en coproducción con el CDG), la vida de María Casares con *Despois das ondas* y recientemente la vida confinada con *32m²*. Con sus obras han estado en casi todos los teatros y festivales de Galicia, desde la MIT al FITO pasando por la Mostra de CEE, el FIOT e incluso el USCénica.

► En la actualidad giran *Iribarne* (coproducida por el Centro Dramático Nacional y a MIT de Ribadavia) y *Lo único que verdaderamente quise toda la vida es ser delgada*.



© Geraldine Leloutre

- ☎ 629 694 432
- 👤 Esther F. Carrodegua
- ✉ info@butacazero.com
- 📍 Lugar O Monte, 36413 Porriño.
- 📘 [Butaca Zero](#)
- 📺 [Butaca Zero](#)
- 📺 [Butaca Zero](#)
- 📺 [Butaca Zero](#)





# BUTACA ZERO

EN CARTEL

**IRIBARNE.** Proxecto de investigación escénica arredor da figura de D. Manuel Fraga Iribarne. Co auténtico selo crítico-irónico da compañía.

Un proxecto de investigación escénica arredor de la figura de D. Manuel Fraga Iribarne. Con el auténtico sello crítico-irónico de la compañía.

**RAPADAS E MELÓN PELADO.**


Dous espectáculos diferentes (*Lecture performance* e teatro de obxectos) que abordan a temática das rapadas da Guerra Civil.

**RAPADAS Y MELÓN PELADO.**

Dos espectáculos diferentes (*Lecture performance* y teatro de objetos) que abordan la temática de las rapadas da Guerra Civil.

**O ÚNICO QUE VERDADEIRAMENTE QUIXEN TODA A VIDA É SER DELGADA.** Proxecto de auto[*NON*] ficción no que Carrodegas aborda a relación co seu corpo, marcada pola gordofobia.

**LO ÚNICO QUE VERDADERAMENTE QUISE TODA LA VIDA ES SER DELGADA.** Proyecto de auto[*NO*] ficción en el que Carrodegas aborda a relación con su cuerpo, marcada por la gordofobia.



# CARAMUXO TEATRO

CARAMUXOTEATRO.COM

**[GL].** Compañía de teatro infantil e familiar nada na Coruña no ano 2003 dirixida por Juan Rodríguez e Laura Sarasola. Traballa, ademais, nunha liña específica na creación de espectáculos para bebés.

► Caramuxo crea espectáculos poéticos e visuais axeitados para gozar en familia, tendo unha especial responsabilidade có público mais novo. ► Dende os inicios mistura diferentes técnicas, teatro de actor, títeres, danza. ► A liña de traballo parte duns textos elaborados a partir da experiencia no eido educativo, tratando de ser un referente de producións de calidade, creando espectáculos nos que se consideren aspectos didácticos a nivel cultural ademais do artístico, que consigan a fidelización do público.

**[ES].** Teatro es una compañía de teatro infantil y familiar, creada en A Coruña en el año 2003, dirigida por Juan Rodríguez y Laura Sarasola. Trabaja además, en una línea específica de creación de espectáculos para bebés.

► Caramuxo crea espectáculos poéticos y visuales adecuados para disfrutar en familia, teniendo una especial responsabilidad con el público al que van dirigidos. ► Desde sus inicios mezcla diferentes técnicas, teatro de actor, teatro de objetos, títeres, danza... ► La línea de trabajo parte de textos elaborados a partir de la experiencia obtenida en el terreno educativo, tratando de ser un referente de producciones de calidad, creando espectáculos en los que se consiga la fidelización de un público crítico.



- ☎ 610 848 781 | 699 521 803
- 👤 Laura Sarasola | Juan Rodríguez
- ✉ [info@caramuxoteatro.net](mailto:info@caramuxoteatro.net)
- 📍 Padre Rosendo Salvado 10, baixo.  
15002 A Coruña.
- 📘 [Caramuxo teatro](#)
- 📺 [Caramuxo teatro](#)
- 📺 [Caramuxo teatro](#)
- 📺 [Caramuxo teatro](#)

CARAMUXO  TEATRO



**ZAPATOS.** Espectáculo para primeira infancia. “Zapatos” narra tódalas historias que levan dentro os zapatos que xa non teñen dono. Recomendado na Rede Nacional de Teatros.

**ZAPATOS.** Espectáculo para la primera infancia. «Zapatos» narra todas esas historias que llevan dentro los zapatos que ya no tienen dueño. Recomendado en la Red Nacional de Teatros.

**REDONDO.** Espectáculo a partir dos 6 meses que xoga coas formas redondas, a poesía y la iluminación. Unha proposta visual, case sen palabras, para gozar en familia.

**REDONDO.** Espectáculo a partir de los 6 meses, que juega con las formas redondas la poesía y la iluminación. Una propuesta visual, casi sin palabras para disfrutar en familia.

**CATRO.** Espectáculo de danza para a primeira infancia. *Catro* é a experimentación da vida a partir das formas cadradas. Unha experiencia para gozar en familia có movemento como linguaxe principal.

**CUATRO.** Espectáculo de danza para la primera infancia. *Cuatro* es la experimentación de la vida a partir de las formas cuadradas. Una experiencia para disfrutar en familia con el movimiento como lenguaje fundamental.

**ÑAM!** Espectáculo para primeira infancia, creado a partir do mundo da cociña, para ver, escoitar, ulir, sentir e saborear en familia.

**ÑAM!** Espectáculo para primera infancia, creado a partir del mundo de la cocina, para ver, escuchar, oler, sentir y saborear en familia.

**FEO!** Espectáculo inspirado en *O parrulo feo* de Andersen, pero que conta unha historia diferente. Un canto á diversidade e a esencia de un mesmo. Unha comedia para toda a familia. Premio María Casares ao Mellor Espectáculo Infantil 2015.

**FEO!** Espectáculo inspirado en *El patito feo* de Andersen, pero que cuenta una historia distinta. Es un canto a la diversidad y la esencia de uno mismo. Una comedia para toda la familia. Premio María Casares al Mejor Espectáculo Infantil 2015.

**A NENA QUE VIVÍA NUNHA CAIXA DE MISTOS.** Espectáculo con música en directo e teatro físico inspirado na *Vendedora de Mistos* de Andersen. Espectáculo cunha linguaxe «chaplinesca» e divertida que mistura teatro e monicreques. Premio María Casares a Mellor Espectáculo Infantil 2023.

**LA NIÑA QUE VIVÍA EN UNA CAJA DE CERILLAS.** Espectáculo con música en directo y teatro físico, inspirado en «La Vendedora de Mistos»

de Andersen. Espectáculo con un lenguaje «chaplinesco» y divertido que mezcla el teatro y los títeres.

**AS FABAS MÁXICAS.** Unha proposta de lecer en familia cunha coidada estética. Mistura de teatro de actor e monicreques na que o humor, a emoción, e a poesía mistúranse para dar unha visión contemporánea do coñecido conto infantil.

**LAS HABICHUELAS MÁGICAS.** Una propuesta para disfrutar en familia con una cuidada estética. Mezcla de teatro de actor y títeres en la que el humor, la emoción y la poesía se mezclan para crear una visión contemporánea del clásico cuento infantil.

**CRISÁLIDA.** Comedia de máscara integral, para tódolos públicos, que pon en valor a importancia do comercio tradicional nun mundo globalizado. Un homenaxe a este concepto de comercio que crea convivencia e comunidade entre persoas. Premio María Casares ao Mellor espectáculo infantil 2024.

**CRISÁLIDA.** Comedia de máscara integral para todos los públicos que destaca la importancia del comercio tradicional frente al mundo globalizado. Un homenaje a este concepto de comercio que crea convivencia y comunidad entre personas. Premio María Casares al mejor espectáculo infantil 2024.



# CHARLATANA

CHARLATANA.ORG

[GL]. É un espazo galego de creación, produción e distribución propia que integra diversas disciplinas artísticas: circo, música, teatro infantil e contos. ▶ Charlataba nace para crear un espazo de cooperación no que conflúan diversas propostas artísticas onde o obxectivo común é divertir e educar. ▶ A través do humor, o espírito crítico, e o debate en escena, Charlataba crea espectáculos que integran valores como a igualdade, a cooperación, a reciclaxe e a cultura e lingua galegas.

[ES]. Es un espacio gallego de creación, producción y distribución propia que integra diversas disciplinas artísticas: circo, música, teatro infantil y cuentos. ▶ Charlataba nace para crear un espacio de cooperación en el que confluyan diversas propuestas artísticas donde el objetivo común es divertir y educar. ▶ A través del humor, el espíritu crítico, y el debate en escena, Charlataba crea espectáculos que integran valores como la igualdad, la cooperación, el reciclaje y la cultura y lengua gallegas.



- ☎ 645 053 589
- 👤 Déborah Romero
- ✉ [charlatana@charlatana.org](mailto:charlatana@charlatana.org)
- 📍 Perguiza, 218, Cabo da Cruz.  
15939, Boiro (A Coruña).
- 📘 [Charlatana](#)
- 📷 [Charlatana](#)
- 📺 [Charlatana](#)



# CHARLATANA

## EN CARTEL

**CONCERTASSO NA HORTA.** Hoxe na horta de Brais das Hortas hai concerto. Mellor dito: Consertasso! Grelos e temassos, cun equilibrio variado de formas e estilos como debe ser nun ecosistema musical diverso e saudable!

Hoy en la huerta de Brais das Hortas hay concierto. Mejor dicho: Conciertazo! Grelos y temazos, con un equilibrio variado de formas y estilos como debe ser en un ecosistema musical diverso y saludable!

**CONCERTO PUNKINFANTIL.** Un cantante punk e un cantante infantil condenados a compartir escenario acaban creando un delirio musical chamado «Concerto PunkInfantil».

**CONCIERTO PUNKINFANTIL.** Un cantante punk y un cantante infantil condenados a compartir escenario acaban creando un delirio musical llamado «Concierto PunkInfantil».

**COSER E CONTAR.** Con fío, agulla e dedal enfiame un conto xa! Comezamos a viaxe nun taller de costura, un lugar máxico aos ollos da nena protagonista que escoita contos, coplas, cancións en boca da súa avoa, nai e tía mentres traballan.

**COSER Y CONTAR.** Con hilo, aguja y dedal me enhebra un cuento ya! Comenzamos el viaje en un taller de costura, un lugar mágico a los ojos de la niña protagonista que escucha cuentos, coplas, canciones en boca de su abuela, madre y tía mientras trabajan.



# COMPAÑÍA HUMANA

COMPANIAHUMANA.COM

[GL] É unha produtora de teatro viguesa promovida por Antela Cid e Fran Peleteiro, profesionais da escena con máis 20 anos de experiencia en proxectos escénicos e audiovisuais. ▶ As claves da compañía son os espectáculos de corte social dirixidos a público adulto e adolescente, con textos conectados coa nosa realidade e cos mellores talentos da interpretación. ▶ O teatro é a arte do humano. O encontro entre persoas que se acompañan nun espazo e tempo común para imaxinarse como sociedade. ▶ Entreter pero tamén reflexionar.

[ES] Es una productora de teatro viguesa promovida por Antela Cid y Fran Peleteiro, profesionales de la escena con más de 20 años de experiencia en proyectos escénicos y audiovisuales. ▶ Las claves de la compañía son los espectáculos de corte social dirigidos a público adulto y adolescente, con textos conectados con nuestra realidad y con los mejores talentos de la interpretación. ▶ El teatro es el arte de lo humano. El encuentro entre personas que se acompañan en un espacio y tiempo común para imaginarse como sociedad. ▶ Entreter pero también reflexionar.



- ☎ 610 975 158 | 679 796 069
- 👤 Fran Peleteiro | Antela Cid
- ✉ [companiahumana@gmail.com](mailto:companiahumana@gmail.com)  
| [franpeleteiro@gmail.com](mailto:franpeleteiro@gmail.com) |  
[antelacid@gmail.com](mailto:antelacid@gmail.com)
- 📍 Praza da Independencia, 4, 6.º A.  
36211 Vigo
- 📘 [Compañía Humana](#)
- 📷 [Compañía Humana](#)
- 📺 [Compañía Humana](#)

Compañía



# COMPAÑÍA HUMANA

EN CARTEL

## **IPHIXENIA NA PORTA DO SÚPER.**

Un dos monólogos máis premiados neste século a nivel internacional. Unha revisión «nini» do mito de Iphixenia que fala directa ó público coa súa personalidade magnética.

## **IFIGENIA A LA VUELTA DE LA**

**ESQUINA.** Uno de los monólogos más premiados en este siglo a nivel internacional. Una revisión «nini» del mito de Iphigenia que habla directa al público con su personalidad magnética.



© FIOT Carballo



# CONSTANCE HURLÉ

CONSTANCEHURLE.COM

[GL] É unha compañía de artes do movemento de carácter multidisciplinar onde o eixo é o diálogo entre a palabra, o corpo e a música. ▶ Xorde ao redor da figura da artista que da nome ao proxecto, adicta á expresividade, no sentido máis amplo do termo. Dende o ano 2010 daralle forma escénica ás súas creacións literarias a base de micro pezas, monólogos ou performances. Co paso do tempo afianza a súa linguaxe escénica onde tanto a poesía como a música e a danza adquirirán cada vez máis importancia, convertíndose en marca diferenciadora desta compañía. As súas pezas camiñan no filo da performance procurando unha identidade xenuína, fuxindo das categorías tradicionais de teatro, danza ou poesía.

[ES] Constance Hurlé es una compañía de artes del movimiento de carácter multidisciplinar donde el eje es el diálogo entre la palabra, el cuerpo y la música. ▶ Surge alrededor de la figura artística gallega-asturiana que da nombre al proyecto, adicta a la expresividad, en el sentido más amplio del término. Desde el año 2010 le dará una forma escénica a sus creaciones literarias a base de micro piezas, monólogos o performances. Con el paso del tiempo afianza su lenguaje escénico donde tanto la poesía como la música adquirirán cada vez más importancia, convirtiéndose en marca diferenciadora de esta compañía. Sus piezas caminan en el filo de la performance procurando una identidad genuína, huyendo de las categorías tradicionales de teatro, danza o poesía.



© Candela Balboa

- ☎ 620 564 187
- 📍 Constance Hurlé
- ✉ [distribucion.constancehurle@gmail.com](mailto:distribucion.constancehurle@gmail.com) | [constancehurle@gmail.com](mailto:constancehurle@gmail.com)
- 📘 [Constance Hurlé](#)
- 📷 [Constance Hurlé](#)
- 📺 [Constance Hurlé](#)

*Constance Hurlé*



# CONSTANCE HURLÉ

EN CARTEL

**PENÉLOPE: DESTECENDO O VÍNCULO.** Un achegamento escénico á teoría psicolóxica do apego

Una aproximación escénica a la teoría psicológica del apego.

**VÍSCERAS POÉTICA.** Performance para espazo non convencional onde se cuestiona a auto percepción do individuo “muller” reconstruída dende e por causa do ollo externo.

Performance para espacio no convencional donde se cuestiona la auto percepción del individuo “mujer” reconstruida desde y por causa del ojo externo.

© Candela Balboa



# CULTURACTIVA PRODUCCIONES

CULTURACTIVA.ORG/GL/ARTISTA/CULTURACTIVA

[GL] É unha compañía e produtora para facer realidade as necesidades dos programadores e programadoras. Especialistas en humor, teatro social, clown, circo e inclusión sempre desde a perspectiva de crear produtos de calidade pensando no público en primeiro lugar. ► Algunhas das súas últimas producións son: *Nada se sabe* (coproducción co CDG), *As alumnas* (Premio Nacional de Literatura Dramática) ou *Vía morta* sobre a temática das refuxiadas.

[ES] É una compañía y productora para hacer realidad las necesidades de los programadores y programadoras. Especialistas en humor, teatro social, clown, circo e inclusión siempre desde la perspectiva de crear productos de calidad pensando en el público en primer lugar. ► Algunas de sus últimas producciones son: *Nada se sabe* (coproducción con el CDG), *Las alumnas* (Premio Nacional de Literatura Dramática) o *Vía muerta* sobre la temática de las refugiadas.



- ☎ 981 582 836
- 📍 Culturactiva SCoopGalega
- ✉ info@culturactiva.org
- 📍 Rúa Triacastela, 3 baixo.  
15703 Santiago de Compostela
- 📘 [Culturactiva](#)
- 📷 [Culturactiva](#)
- 📺 [Culturactiva](#)





# CULTURACTIVA PRODUCTIONS

EN CARTEL

**NADA SE SABE.** Dúas actrices e dous actores profesionais con discapacidade repasan diversas visións da discapacidade no teatro clásico cunha adaptación de Filoctetes a cargo de Manuel Lourenzo.

**NADA SE SABE.** Dos actrices y dos actores profesionales con discapacidad repasan diversas visiones de la discapacidad en el teatro clásico con una adaptación de Filoctetes a cargo de Manuel Lourenzo.

**AS ALUMNAS.** Premio Nacional de Literatura Dramática 2023, Premio Follas Novas 2023 ao mellor libro de teatro, Premio Luisa Villalta a proxectos pola igualdade. Unha obra imprescindible.

**LAS ALUMNAS.** Premio Nacional de Literatura Dramática 2023, Premio Follas Novas 2023 al mejor libro de teatro, Premio Luisa Villalta a proxectos por la igualdad. Una obra imprescindible.

**VÍA MORTA.** Unha experiencia a través do teatro. Unha montaxe teatral que trae a realidade das refuxiadas ao público de Galicia a través dunha proposta que converte ao espectador nun refuxiado máis.

**VÍA MUERTA.** Una experiencia a través del teatro. Un montaje teatral que trae la realidad de las refugiadas al público de Galicia a través de una propuesta que convierte al espectador en un refugiado más.



# ELEFANTE ELEGANTE

ELEFANTEELEGANTE.NET/GL/

**[GL]** Crea espectáculos de teatro visual basados no xesto e no movemento tanto para público familiar como para público adulto. A compañía galego-portuguesa busca a universalidade coa fusión de diferentes linguaxes: o teatro físico, a danza, as artes plásticas e as artes visuais. Creada por María Torres e Gonçalo Guerreiro en 2000, residiu en Bélxica ata que se instalou en Galicia en 2007. ► O seu obxectivo é desenvolver unha linguaxe teatral propia que permita tratar as cuestións sociais, existenciais e ambientais que marcan a vivencia humana. ► As súas creacións foron representadas nunha vintena de festivais internacionais.

**[ES]** Crea espectáculos de teatro visual basados en el gesto y el movimiento tanto para público familiar como para el adulto. La compañía gallego-portuguesa busca la universalidad con la fusión de diferentes lenguajes: el teatro físico, la danza, las artes plásticas y las artes visuales. Creada por María Torres y Gonçalo Guerreiro en el año 2000, residió en Bélgica hasta que se instaló en Galicia en 2007. ► Su objetivo es desarrollar un lenguaje teatral que permita tratar las cuestiones sociales, existenciais y ambientales que marcan la vivencia humana. ► Sus creaciones han sido representadas en una veintena de festivales internacionales.



- ☎ 664 803 801 | 606 257 239
- 👤 Xurxo Prieto | María Torres
- ✉ teatro@elefanteelegante.net
- 📍 Castelo de Abaixo 19,  
15139 Culleredo (A Coruña)
- 📘 [Elefante elegante](#)
- 📺 [Elefante elegante](#)
- 📺 [Elefante elegante](#)

ELEFANTE  
ELEGANTE



# ELEFANTE ELEGANTE

EN CARTEL

**KYOKI.** Un espectáculo visual destinado ao público infantil e familiar a partir de 5 anos que aborda a temática do esquecemento, da vellez e da soidade. KYOKI significa «demencia» en xapones e refírese a una alteración da capacidade para recordar, pensar ou tomar decisións. É certo que adoita aparecer en persoas de idade avanzada, mais... Quen nunca esqueceu onde colocou a caixa das galletas? Ou por distracción vestiu o xersei do revés?

Un espectáculo visual destinado al público infantil y familiar a partir de 5 años que aborda la temática del olvido, la vejez y la soledad. KYOKI significa «demencia» en japonés y se refiere a una alteración de la capacidad para recordar, pensar o tomar decisiones. Es cierto que suele aparecer en personas de edad avanzada, pero... ¿quién nunca ha olvidado dónde puso la caja de galletas? ¿O por distracción se ha puesto el jersey al revés?

**ALTA COSTURA.** É un espectáculo irónico e poético sobre a moda, a identidade, o consumo e a súa estreita relación coa sociedade, a contaminación e as condicións laborais. Esta nova creación de Elefante Elegante detense na «fast-fashion», nos mecanismos de venda e nas pulsións internas que nos levan a comprar roupa con frenesí. Prendas que rematan a súa vida – inútil- en montañas de lixo agochadas ben lonxe da nosa xeografía.

Es un espectáculo irónico y poético sobre la moda, la identidad, el consumo y su estrecha relación con la sociedad, la contaminación y las condiciones laborales. Esta nueva creación de Elefante Elegante se detiene en la «fast-fashion», en los mecanismos de venta y en los impulsos que nos llevan a comprar ropa con frenesí. Prendas que terminan su vida –inútil– en montañas de basura ocultas muy lejos de nuestra geografía.



# FURIA SOTELO

FURIASOTELO.COM

[GL] É a transformación de Licenciada Sotelo de *Métanse nos seus asuntos* (2010), interpretada por Nuria Sotelo e dirixida por Ana Vallés. A partir dese momento, co corpo e o movemento como centro, camiña en busca dunha linguaxe escénica ecléctica e multidisciplinar.

► Produce diversas pezas que presentan en Redes de Teatros Autonómicas e festivais nacionais e internacionais: *Desmemoriada* (2011), *Estado de gracia* (2012), *Silencio por favor* (2014), *Ensaio amor* (2016), *Incerteza* (2017), *A Gala* (2019), *Rosa* (2019), *Quen canta seu mal espanta* (2020), *Entre* (2021), *Mortais e vulnerables* (2022), *Vestirme de ti* (2023).

[ES] Es la transformación de Licenciada Sotelo de *Métanse nos seus asuntos* (2010), interpretada por Nuria Sotelo y dirigida por Ana Vallés. A partir de ese momento, con el cuerpo y el movimiento como centro, camina en busca de un lenguaje escénico ecléctico y multidisciplinar. ► Produce diversas piezas que habían visto en Redes de Teatros Autonómicas y festivales nacionales e internacionales: , *Desmemoriada* (2011), *Estado de gracia* (2012), *Silencio por favor* (2014), *Ensaio amor* (2016), *Incerteza* (2017), *A Gala* (2019), *Rosa* (2019), *Quen canta seu mal espanta* (2020), *Entre* (2021), *Mortais e vulnerables* (2022), *Vestirme de ti* (2023).



- ☎ 657 278 320
- 👤 Nuria Sotelo
- ✉ furiasotelocia@gmail.com
- 📍 Amiadoso, 65. 32665 Allariz (Ourense)
- 📷 [Furia Sotelo](#)
- ▶ [Furia Sotelo](#)

***FURIA SOTELO***



**SOBRE O EXTRAVÍO OU A ARTE DE PERDERSE.** Un só de danza-teatro ou teatro físico, sobre a importancia do lugar, sobre o que non se ve pero está, sobre o esquecemento necesario e a arte de perder. Ou de perderse. Unha proposta onde o movemento, o texto, o espazo sonoro, o corpo e os obxectos conxúganse para facernos partícipes da construción dun lugar, captando a atención do espectador sen esforzo, sumerxíndoo nun tempo suspendido e evocador no que algo pode aparecer: unha sorpresa, unha pregunta, unha resposta quizais... Con versión para espazos non convencionais con requirimentos técnicos mínimos e unha versión adaptada a teatros.

**SOBRE EL EXTRAVÍO O EL ARTE DE PERDERSE.** Un solo de danza-teatro o teatro físico, sobre la importancia del lugar, sobre lo que no se ve pero está, sobre el olvido necesario y el arte de perder. O de perderse. Una propuesta donde el movimiento, el texto, el espacio sonoro, el cuerpo y los objetos se conjugan para hacernos partícipes de la construcción de un lugar, captando la atención del espectador sin esfuerzo, sumergiéndolo en un tiempo suspendido y evocador en el que algo puede aparecer: una sorpresa, una pregunta, una respuesta quizás... Con versión para espacios no convencionales con requirimentos técnicos mínimos y una versión adaptada a teatros.



**MORTAIS E VULNERABLES.** Este só de danza para sala interpretado pola bailarina Alejandra Balboa, fai unha viaxe metafórico ao redor da fragilidade da existencia humana. A peza busca a esencia común a esta fragilidade, máis aló das aparencias. É unha proposta radical en tanto que procura a raíz espida do acontecer. Afastándose dos adornos anecdóticos dos acontecementos. O corpo como protagonista e o movemento como vehículo para encarnar o mortal, o vulnerable, os desexos, o eterno retorno. O circular e pendular como fio condutor das dinámicas espaciais. A fragmentación e transformación dun corpo que se move entre a vontade e o devir.

Este solo de danza para sala interpretado por la bailarina Alejandra Balboa, hace un viaje metafórico alrededor de la fragilidad de la existencia humana. La pieza busca la esencia común a esta fragilidad, más allá de las apariencias. Es una propuesta radical en tanto que



procura la raíz desnuda del acontecer. Alejándose de los adornos anecdóticos de los acontecimientos. El cuerpo como protagonista y el movimiento como vehículo para encarnar el mortal, el vulnerable, los deseos, el eterno retorno. El circular y pendular como hilo conductor de las dinámicas espaciales. La fragmentación y transformación de un cuerpo que se mueve entre la voluntad y el devenir.

**VESTIRME DE TI.** Un dúo que reflexiona sobre o equilibrio entre opostos, unha metáfora das relacións humanas e a interdependencia que se crea cando interactuamos con outros individuos. A peza crítica a exaltación da independencia que nos transmite o sistema de consumo no que vivimos e defende a necesidade de apoio mutuo nas nosas relacións.

Un dúo que reflexiona sobre el equilibrio entre contrarios, una metáfora de las relaciones humanas y la interdependencia que se crea cuando interactuamos con otros individuos. La pieza critica la exaltación de la independencia que nos transmite el sistema de consumo en el que vivimos y defiende la necesidad de apoyo mutuo en nuestras relaciones.



# ILLUSIONS WORKS / PEDROVOLTA


PEDROVOLTA.COM

**[GL]** En 2020, Pedro Volta fundou a produtora Illusions Works, dedicada exclusivamente a desenvolver proxectos creativos no mundo do ilusionismo, abarcando a produción teatral, dirección e creación artística. ▶ Dentro desta produtora, creouse o espazo chamado Magic Búnker, que serve como oficina e lugar de ensaio, así como centro de produción e creación dos seus proxectos máxicos. ▶ Illusions Works destaca polo seu enfoque innovador e o seu compromiso coa maxia como forma de arte.

**[ES]** En 2020, Pedro Volta fundó la productora Illusions Works, dedicada exclusivamente a desarrollar proyectos creativos en el mundo del ilusionismo, abarcando la producción teatral, dirección y creación artística. ▶ Dentro de esta productora, se creó el espacio llamado Magic Búnker, que sirve como oficina y lugar de ensayo, así como centro de producción y creación de sus proyectos mágicos. ▶ Illusions Works destaca por su enfoque innovador y su compromiso con la magia como forma de arte.



- ☎ 696 601 893
- 👤 Pedro Volta
- ✉ [contratacion@pedrovolta.com](mailto:contratacion@pedrovolta.com)
- 📍 Calle Pintor Laxeiro, n.º 6, bajo.  
36004 Pontevedra
- 📘 [Ilusionista Pedro Volta](#)
- 📷 [Pedro Volta](#)
- 📺 [Pedro Volta Magic Space](#)





# ILLUSIONS WORKS / PEDROVOLTA

EN CARTEL

**ILUSIONANTE.** Con maxia ultramoderna e efectos visuais impactantes, Pedro Volta asombrarache con predicións imposibles e experimentos científicos, nun show inspirado en series como *A casa de papel* e *Star Wars*.

Con magia ultramoderna y efectos visuales impactantes, Pedro Volta te asombrará con predicciones imposibles y experimentos científicos, en un show inspirado en series como *La casa de papel* y *Star Wars*.

**MAGIC SPACE.** O ilusionista Pedro Volta combina ciencia e maxia para recrear a emoción das viaxes espaciais. A través de efectos visuais impactantes e un artefacto inspirado na NASA, Volta transpórtanos a un universo cheo de misterios e lémbra-nos que a maxia do cosmos está máis preto do que imaxinamos.

El ilusionista Pedro Volta combina ciencia y magia para recrear la emoción de los viajes espaciales. A través de efectos visuales impactantes y un artefacto inspirado en la NASA, Volta nos transporta a un universo lleno de misterios y nos recuerda que la magia del cosmos está más cerca de lo que imaginamos.



# LA QUINTANA TEATRO

LAQUINTANA.GAL

[GL] Abordan temáticas sociais a partir dun proceso de investigación a pé de rúa. ▶ Por mor das vivencias, realizan a creación colectiva onde o movemento e a palabra aúnan as súas enerxías para abrir portas, conciencias, e poder chegar a ver a través doutros ollos. Os seus ollos. ▶ Deciden os temas en función das realidades que os atrapan co propósito de achegar ao público historias que merecen ser contadas. Vidas que merecen ser vividas. ▶ A partir de entón achéganse a esa realidade para poder coñecela e abordala desde diferentes perspectivas. ▶ Tras un traballo de mesa e un proceso de improvisación redactan o que acabará sendo a dramaturxia da obra. ▶ Premio MAX ao espectáculo revelación con *Desde o invisible*. Con *La Toffana* reciben 5 Premios Azahar das Artes Escénicas.

[ES]. Abordan temáticas sociales a partir de un proceso de investigación a pie de calle. ▶ A raíz de las vivencias, realizan la creación colectiva donde el movimiento y la palabra aúnan sus energías para abrir puertas, conciencias, y poder llegar a ver a través de otros ojos. Sus ojos. ▶ Deciden los temas en función de las realidades que nos atrapan con el propósito de acercar al público historias que merecen ser contadas. Vidas que merecen ser vividas. ▶ A partir de entonces se acercan a esa realidad para poder conocerla y abordarla desde diferentes perspectivas. ▶ Tras un trabajo de mesa y un proceso de improvisación redactan lo que acabará siendo la dramaturgia de la obra. ▶ Premio MAX al espectáculo revelación con *Desde lo Invisible*. Con *La Toffana* recibe 5 Premios Azahar de las Artes Escénicas.



- ☎ 625 715 086
- 👤 Victoria Teijeiro
- ✉ victoriатеijeiro@gmail.com
- 📍 Vereda del Cementerio, 4 - 3.º A.  
15001 A Coruña
- 📘 [Quintana Teatro](#)
- 📺 [Quintana Teatro](#)



**LA TOFFANA.** Giulia Toffana, alcumada «a envenenadora de maridos», decidiu axudar a outras mulleres con «matrimonios difíciles» a conseguir a súa liberdade. Creou un veneno indetectable: o «Aqua Toffana». Foron acusadas da morte de máis de 600 homes.

**LA TOFFANA.** Giulia Toffana, «la envenenadora de maridos», decidió ayudar la otras mujeres con “matrimonios difíciles” a conseguir su libertad. Creó un veneno indetectable: el “Aqua Toffana. Fueron acusadas de la muerte de más de 600 hombres.





# LABORATORIO ESCÉNICO

LABORATORIOESCENICOCOOP.COM

**[GL]** Compañía de artes escénicas creada en 2019 ao abeiro da creación da cooperativa e da apertura do centro de artes Laboratorio Escénico Coop en A Coruña. Dirixida por Alba Fernández (creadora de artes do movemento) e por Carmen Coteló (actriz e directora de teatro), actualmente ten 3 espectáculos de diversos formatos en xira. Traballan a multidisciplinaridade, sempre ao servizo de temáticas con moito contido social, comprometido co entorno e ca creación de novos públicos.

